

REGULAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA SOBRE MOBILIDADE INTERNACIONAL DE ESTUDANTES

O proceso de apertura internacional que desde hai anos está a experimentar a Universidade da Coruña e o crecemento das actividades neste ámbito, así como os cambios derivados da reforma dos estudos universitarios, fundamentan a necesidade de desenvolver un regulamento de aplicación aos programas de intercambio internacional de estudantes co fin de actualizar a normativa e adaptala aos programas de mobilidade internacional desenvolvidos pola UDC.

O pulo que a UDC lle ten que imprimir á inmersión do estudantado no eido internacional debe facilitarlle a este a posibilidade de realizar parte dos estudos conducentes a un título oficial nunha institución de ensino superior estranxeira e garantir mediante a actualización da normativa o pleno recoñecemento destes estudos para os efectos académicos.

Este regulamento reflicte a vontade de potenciar a mobilidade internacional ao crear un marco normativo que garanta os dereitos e os deberes do estudantado, e que axilice a colaboración e ordene a coordinación entre as partes, dada a implicación de múltiples axentes no proceso administrativo da mobilidade: o estudantado, o profesorado, a vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais e o seu persoal, os membros dos equipos de dirección dos centros competentes en materia de relacións internacionais e o persoal das administracións dos centros.

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto do presente regulamento é o de establecer o marco normativo da mobilidade internacional de estudantes xestionada pola UDC.

O regulamento é aplicable ao estudantado da UDC que pretenda acceder ou estea desenvolvendo unha estadía de mobilidade internacional. Seralle de aplicación, así mesmo, ao estudantado procedente doutros Estados que realice unha estadía de mobilidade na UDC.

Queda excluído do ámbito de aplicación deste regulamento o estudantado foráneo que curse estudos oficiais na UDC tras ter accedido á universidade cumprindo os requisitos da normativa xeral de acceso para a obtención dun título oficial.

Artigo 2. Organización da UDC en programas de mobilidade

A organización e xestión da mobilidade internacional a UDC desenvólvese por medio da actuación coordinada dos seguintes órganos:

- a) A vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais
- b) A Oficina de Relacións Internacionais
- c) A Comisión de Relacións Internacionais da Universidade
- d) As persoas responsables de relacións internacionais dos centros
- e) Os titores académicos de relacións internacionais dos centros
- f) As administracións das distintas escolas e facultades
- g) As comisións de relacións internacionais dos centros

1. A vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais

Á vicerreitoría competente en materia de Relacións Internacionais, en canto órgano competente para planificar, apoiar e desenvolver a política de internacionalización da UDC, correspóndelle a dirección da política de mobilidade internacional da universidade, así como a supervisión e coordinación de todas as demais instancias da UDC implicadas na xestión e organización dos distintos programas de mobilidade.

2. A Oficina de Relacións Internacionais

A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) é unha unidade técnica e administrativa dependente da vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais.

A ORI é a responsable da coordinación da xestión da mobilidade do estudiantado, profesorado e persoal de administración e servizos, no marco dos programas, acordos e convenios subscritos pola UDC, sen prexuízo da súa coordinación con outras oficinas ou servizos centrais da UDC que desenvolvan programas internacionais no seu ámbito de competencia.

Na súa condición de coordinadora da mobilidade internacional da UDC, xestionará directamente por medio do seu persoal todas aquelas actuacións que, por teren carácter xeral, excedan da competencia de cada un dos centros, departamentos e organismos que compoñen a UDC. A ORI será igualmente competente para coordinar a actuación dos distintos centros, departamentos e organismos da UDC deban desenvolverse en máis dun deles.

En particular a ORI será competente para:

- a) Informar e asistir ao estudiantado e aos centros e relación coa xestión dos programas de mobilidade
- b) A xestión administrativa dos distintos programas de mobilidade en todo aquilo que non sexa competencia dos centros.
- c) A xestión das bolsas e axudas á mobilidade en todo aquilo que non sexa competencia dos centros.
- d) O establecemento e mantemento das relacións con outras universidades en todo aquilo que non sexa competencia dos centros.
- e) O establecemento e seguimento das relacións da UDC coas entidades que organizan, colaboran e financian a mobilidade dos estudantes.
- f) A organización da acollida xeral na UDC do estudiantado entrante.

3. A Comisión de Relacións Internacionais da Universidade

A Comisión de Relacións Internacionais é o órgano colexiado, representativo dos distintos colectivos que conforman a universidade, encargado de fortalecer a dimensión internacional da universidade, ordenando e desenvolvendo as actividades relacionadas coa súa proxección internacional. A composición e as funcións da Comisión establécense no seu regulamento especial.

4. As persoas responsables de relacións internacionais dos centros

En cada facultade ou escola da UDC haberá unha persoa responsable de dirixir e xestionar a política de internacionalización do centro. As funcións do responsable de relacións internacionais da facultade ou escola serán asumidas por un membro do equipo de dirección do centro, en exclusiva ou xunto con outras funcións, que se decidirán en virtude da autonomía organizativa do centro.

As funcións da persoa encargada das relacións internacionais dos centros serán as seguintes:

4.1 Tarefas de carácter xeral

- a) Promover e apoiar o deseño e execución de programas de internacionalización das actividades académicas do centro, de acordo coas directrices e criterios determinados polo equipo de dirección e a xunta de centro. A finalidade destes programas é crear as

condicións para que as actividades académicas ordinarias do centro se desenvolvan nun contorno internacionalizado.

- b) Promover a mobilidade internacional do seu centro, tratando de ampliar a oferta de convenios, acordos e programas cos centros de ensino superior con que se manteñan relacións de intercambio (en adiante centros socios), con base nos perfís académicos e nos criterios determinados polo equipo de dirección e a xunta de centro.
- c) Ser o interlocutor do centro nas súas relacións coa ORI e cos responsables dos centros socios, e actuar como referencia no marco de programas e accións de intercambio internacional.
- d) Representar o centro nos ámbitos que lle correspondan e informar á dirección do centro de todos os asuntos relacionados coa mobilidade internacional de estudantes do centro.
- e) Realizar visitas ás universidades e centros estranxeiros co fin de explorar novas posibilidades de cooperación ou solucionar problemas e dificultades existentes cos centros socios. Igualmente, é función do responsable de relacións internacionais do centro atender as visitas de coordinadores procedentes dos centros socios.
- f) Propór e coordinar os/as titores/as de intercambio, se for o caso.
- g) Velar polo cumprimento desta normativa.
- h) Calquera outra función que lle atribúa a normativa vixente ou que lle encomenden os órganos de goberno da UDC.

4.2. *Tarefas relacionadas co estudiantado da UDC*

- a) Dispoñer a difusión no centro da información sobre programas e accións no ámbito de intercambios internacionais, en colaboración coa ORI.
- b) Asesorar e titorizar o estudiantado participante nun programa de intercambio, especialmente en cuestións académicas, por si mesmo/a ou por medio dos titores de intercambio.
- c) Formar parte da comisión que resolva as solicitudes de prazas de intercambio e elaborar a proposta de adxudicación de destinos que será remitida á ORI.
- d) Formalizar o contrato de estudos. O/a responsable de relacións internacionais do centro comprobará que a táboa de equivalencias é aceptable para os efectos do título que o/a estudante estea a cursar no seu centro. No caso de existir a figura do titor académico no centro, esta persoa será a encargada de elaborar o contrato de estudos dos intercambios que estean ao seu cargo, antes da súa sinatura pola persoa responsable de relacións internacionais do centro.
- e) Traducir as cualificacións obtidas na universidade de destino e asinar o recoñecemento académico das materias dos estudantes da UDC cursadas en mobilidade internacional.
- f) Autorizar as modificacións que se poidan producir no contrato de estudos para proceder á elaboración e sinatura do contrato definitivo.
- g) Facer o seguimento do estudiantado do centro que participe en programas de mobilidade mentres estea realizando a estadía académica temporal no centro de educación superior de destino, por si mesmo/a ou por medio dos titores de intercambio.
- h) Autorizar as solicitudes de libre mobilidade internacional do estudiantado do centro.
- i) Realizar, respecto deste estudiantado, calquera outra actuación para a que sexan competentes de acordo cos distintos programas de mobilidade xestionados pola UDC
- j) Informar sobre as ampliacións de estancia dos estudantes internacionais

4.3. *Tarefas relacionadas co estudiantado procedente doutras institucións*

- a) Asesorar académicamente e facer seguimento, directamente ou por medio dos titores académicos, do estudiantado estranxeiro durante a súa estadía na UDC.

- b) Formalizar o contrato de estudos e os impresos de solicitude; así como as súas modificacións e demais vicisitudes ata a fin da súa estadía.
- c) Autorizar, no seu caso, o plan de estudos do estudantado que realice estancias en virtude do programa de visitantes, libre mobilidade ou doutros programas de mobilidade que non impliquen intercambio..
- d) Realizar, respecto deste estudantado, calquera outra actuación para a que sexan competentes de acordo cos distintos programas de mobilidade xestionados pola UDC.

4.4 *Actuación como coordinador departamental*

En calquera caso, a persoa responsable de relacións internacionais do centro terá a condición de coordinador/a departamental de intercambios e desempeñará todas as funcións que lle sexan atribuídas á dita figura polos programas e convenios de intercambios executados pola UDC que esixan a súa existencia.

5. Titores/as académicos de intercambio

No caso de que as características dun grupo de mobilidades, o número total de mobilidades do centro ou outras circunstancias o esixan, o decano ou director designará, por proposta da persoa responsable de relacións internacionais do centro unha ou varias persoas de apoio á súa xestión, que serán os titores académicos de intercambio.

Para os efectos de racionalizar a xestión da mobilidade, nas escolas ou facultades en que se considerara oportuno, a comisión encargada das relacións internacionais do centro poderá fixar o número máximo de estudantes e/ou destinos que se asignarán a un titor académico.

O titor académico de intercambio será a persoa encargada de varias mobilidades. As súas competencias serán as seguintes:

- a) Informar e asesorar o estudantado de intercambio, tanto propio como foráneo, sobre os estudos que pode realizar na universidade de destino ou na UDC, así como presentar os recursos e servizos á súa disposición na universidade.
- b) Elaborar o contrato de estudos provisional que será asinado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro.
- c) Apoiar ao responsable de relacións internacionais do centro no seguimento do estudantado tanto saínte como entrante do centro durante a súa estadía temporal no centro de destino.
- d) Facer a proposta de recoñecemento de estudos, que será asinada pola persoa responsable de relacións internacionais do centro correspondente aos intercambios de que sexa responsable.
- e) Asesorar a persoa responsable de relacións internacionais do centro, procurando información suficiente sobre as universidades e os centros de ensino superior asociados e facer un seguimento destes para garantir o axeitado desenvolvemento e a calidade dos intercambios académicos.

6. As administracións dos centros

As súas funcións son:

- a) Axudar a xestionar a asignación de prazas de mobilidade aos estudantes que o soliciten en cada convocatoria, de conformidade coa información remitida desde a ORI e segundo o procedemento establecido neste regulamento.
- b) Xestionar o proceso de matrícula para o estudantado que curse parte dos seus estudos en mobilidade internacional e facer o seguimento das modificacións e ampliación de matrícula correspondentes.
- c) Facer a xestión académica do estudantado da UDC en mobilidade internacional.
- d) Calquera outra función administrativa relativa ao estudantado que participe en programas de mobilidade que lle sexa encomendada por outras normas, polo equipo de dirección do seu

centro ou por outros órganos competentes da UDC.

7. Comisión de relacións internacionais da facultade ou escola

En cada escola ou facultade existirá unha comisión delegada da xunta do centro que se encargará das súas actividades de internacionalización. As funcións desta comisión poderán ser asumidas por unha comisión delegada da xunta de facultade ou escola xa existente, ou poderase crear unha comisión específica para as relacións internacionais. No primeiro caso, cando esta comisión actúe como comisión de relacións internacionais, incorporárase a ela, como membro de pleno dereito, o responsable de relacións internacionais do centro. As funcións da comisión serán as seguintes:

- a) Establecer as liñas reitoras e organizar os programas de desenvolvemento da política de internacionalización das actividades do centro.
- b) Diseñar e impulsar as liñas reitoras da política de convenios e mobilidade internacional do centro.
- c) Organizar e facer o seguimento dos convenios e programas de mobilidade do centro.
- d) Elaborar e actualizar por proposta da persoa responsable de relacións internacionais do centro, a táboa de equivalencias das materias das titulacións do centro coas materias e titulacións dos centros de ensino superior socios que será remitida á xunta de centro.
- e) Organizar as actividades de intercambio que se desenvolvan no centro.
- f) Velar polo cumprimento da normativa correspondente e o seguimento das liñas de actuación da política de relacións internacionais da UDC.
- g) Asumir as funcións que se lle outorguen no marco do seu centro.

Artigo 3. Formalización de convenios de mobilidade

1. Enténdese por convenio de mobilidade calquera acordo entre a UDC e outra ou outras universidades, institucións ou entidades, en virtude do cal as partes se comprometan a enviar e/ou recibir estudantes con finalidades de estudo ou de prácticas, asumindo a obriga de validar en orixe os resultados académicos obtidos en destino.

2. A iniciativa para tramitar un convenio internacional de mobilidade poderá proceder da Oficina de Relacións Internacionais da UDC ou dos coordinadores académicos de intercambio dos centros que a compoñen.

3. Calquera membro da comunidade universitaria poderá dirixirse á persoa responsable de relacións internacionais do centro ou, cando a proposta exceda da competencia dun só centro, á ORI para poñer no seu coñecemento o seu interese en que se tramite un novo convenio. O coordinador ou, no seu caso, a ORI, cando entendan que a proposta reviste interese para o centro ou a universidade procederán a tramitalo de acordo coas normas contidas neste artigo.

4. As iniciativas dos coordinadores dos centros deberán contar cun informe académico preceptivo elaborado por eles mesmos. O informe versará sobre o interese académico do convenio para o centro en cuestión, atendendo á valoración das instancias competentes do centro relativas aos programas afectados, segundo proceda. Este informe deberá basearse, así mesmo, nos contactos entre o responsable de relacións internacionais do centro e os seus homólogos nas institucións con que se pretende establecer o convenio. O devandito informe deberá incluír os datos de contacto do coordinador departamental da institución con que se pretende establecer o convenio, as cifras de mobilidade propostas, así como a documentación resultante dos contactos mantidos coa posible nova institución socia da UDC.

5. Todas as iniciativas deberán contar cun informe técnico preceptivo e vinculante da Oficina de Relacións Internacionais da UDC. O devandito informe versará sobre a adecuación da proposta á normativa aplicable e á estratexia institucional da UDC e basearase nas implicacións da nova relación institucional para a UDC no seu conxunto. No caso de que este informe sexa desfavorable, a ORI informará ao centro das súas razóns. Este informe poderá indicar as posibilidades de emenda dos defectos atopados, se os houber, ou ofrecer outras posibilidades

alternativas ao intercambio proposto que mellor compaxinen o interese do centro co da universidade no seu conxunto.

6. A ORI remitirá á vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais todas as propostas de convenio que acadase con éxito todos os trámites regulados nos parágrafos anteriores. Os acordos e os convenios internacionais de intercambio e mobilidade de estudantes serán asinados polo reitor ou pola persoa en que este delegar.

7. Todos os convenios de mobilidade internacional de estudantes, tras a súa sinatura, serán arquivados na ORI e estarán ao dispor de todas as persoas interesadas. Corresponde á propia ORI e á Comisión de Relacións Internacionais da UDC, así como ás persoas responsables de relacións internacionais dos centros, titores académicos de intercambio e ás comisións de relacións internacionais dos centros a función de realizaren o seguimento dos convenios de mobilidade subscritos pola UDC que lles afecten.

8. A modificación dos convenios de mobilidade realizarase a través do mesmo procedemento que a súa realización.

9. A mobilidade saínte prevista nos convenios asinados por iniciativa da Oficina de Relacións Internacionais da UDC só se aplicará aos centros no caso de que dita mobilidade conte co beneplácito dos responsables internacionais dos centros implicados.

TÍTULO II

DOS ESTUDANTES SAÍNTE

Capítulo I

Modalidades, dereitos e obrigas dos estudantes saíntes

Artigo 4. Modalidades de estudantes saíntes

1. Para os efectos da UDC, os estudantes saíntes atoparanse nalgunha destas situacións:

a) Son estudantes de intercambio os estudantes:

- Matriculados en estudos oficiais de grao, mestrado e doutoramento
- Que realicen unha estadía académica temporal con fin de estudos nunha institución de educación superior estranxeira.
- Que sexan adxudicatarios dunha praza de mobilidade concedida pola UDC no marco dos programas, acordos ou convenios subscritos.

b) Son estudantes de libre mobilidade aqueles estudantes matriculados en estudos oficiais de grao, mestrado e doutoramento que realicen unha estadía académica temporal con fin de estudos, sen a concesión dunha praza de mobilidade considerada no marco de programas, acordos ou convenios subscritos.

c) Son estudantes de prácticas no estranxeiro os estudantes da UDC:

- Matriculados en estudos oficiais de grao ou mestrado
- Que realicen unha estadía temporal nunha empresa, institución ou organismo para desenvolver nela un período de prácticas.
- Que resulten adxudicatarios dunha praza de mobilidade para prácticas nalgún dos programas xestionados con este fin pola UDC

2. Os estudantes de intercambio e os de libre mobilidade integran a categoría dos estudantes con fin de estudos.

Artigo 5. Dereitos do estudiantado saínte da UDC

O estudantado saínte da UDC en calquera modalidade prevista neste regulamento terá os dereitos seguintes:

a. Da información

O estudante saínte terá dereito a recibir información da ORI, dos centros e dos/das seus responsables de relacións internacionais sobre:

- As condicións para o recoñecemento académico dos estudos cursados e das prácticas desenvolvidas na estadía no estranxeiro.
- As convocatorias, bolsas, requisitos e trámites administrativos necesarios para a adecuada planificación e organización da estadía de mobilidade internacional.

A UDC, a través de todos os órganos e persoas implicadas na xestión dos intercambios internacionais procurará que a información relativa á mobilidade internacional de estudantes sexa permanentemente accesible, e que todas as novidades e convocatorias se difundan axeitadamente entre o estudantado.

b. Do contrato e do recoñecemento académico da actividade desenvolvida

O estudante saínte con fins de estudo terá dereito a formalizar un contrato de estudos co programa de estudos que ten previsto realizar no centro de destino. A UDC estará obrigada a recoñecer, nos termos acordados neste contrato, os estudos realizados e as cualificacións obtidas no estranxeiro como parte do plan de estudos oficiais que o alumno estea matriculado na UDC.

Os estudante saínte coa finalidade de realizar prácticas terá dereito a formalizar un contrato de prácticas en que a UDC se comprometerá a conceder ao traballo realizado por el ou ela pleno recoñecemento académico, e incluír este recoñecemento no seu expediente académico ou ben facelo constar só no suplemento europeo ao título.

c. Da modificación do contrato de estudos e de prácticas

O estudante saínte terá dereito a modificar o contrato de estudos, por falta de oferta académica das materias elixidas ou por inadecuación destas, no prazo dun mes desde o inicio de curso ou de cada semestre na universidade de destino. O dereito a modificación do estudante só poderá exercitarse unha vez cada semestre.

No prazo dun mes, que comezará a contar desde o inicio das prácticas, o estudante saínte ten dereito a modificar o contrato de prácticas por inadecuación do programa de formación ou por outros motivos relacionados co contido ou a duración da práctica. Este dereito poderá exercitarse nunha única ocasión.

d. Da modificación da matrícula

O estudante de intercambio ten dereito á apertura dun prazo extraordinario de modificación de matrícula, necesario como consecuencia da modificación do contrato de estudos ou de prácticas. O estudante terá dereito á devolución, de ser o caso, dos prezos públicos correspondentes.

e. Das bolsas e axudas

O estudante saínte ten dereito a conservar as bolsas e axudas que non sexan incompatibles coa mobilidade, así como a percibir as axudas económicas para a mobilidade que estableza a convocatoria, de ter dereito a elas.

f. Da exención de matrícula

O estudante saínte con fins de estudos ten dereito á exención de matrícula na universidade de destino sempre que o acordo ou convenio non estableza disposición en contrario. Cando o acordo ou convenio de intercambio estableza a obriga de pagar todo ou parte da matrícula na universidade de destino se especificará esta circunstancia na convocatoria das prazas de mobilidade.

Artigo 6. Das obrigas e cargas do estudantado saínte da UDC

1. O estudantado saínte da UDC terá as obrigas seguintes:

a. Da documentación

O estudante ten a carga de formalizar a súa solicitude de mobilidade e de realizar os demais trámites administrativos precisos para levar a cabo a estadía no estranxeiro en tempo e forma. Así mesmo, é responsabilidade do estudante a presentación de toda a documentación esixida. Esta obriga refírese tanto aos trámites que deben realizarse na UDC, como aqueles que se realizan na universidade de destino.

b. Da matrícula

O estudante saínte ten a obriga de matricularse na UDC nas materias, cursos ou créditos que consten no contrato de estudo ou de prácticas e, de ser o caso, na modificación deste, de seren as materias modificadas, cursos ou créditos pertencentes ao plan de estudos da UDC. Así mesmo, deberá realizar os pagamentos da matrícula e das taxas nos prazos correspondentes.

c. Da modificación do contrato de estudos ou de prácticas

O estudante ten a carga de formalizar a modificación do seu contrato de estudos ou de prácticas no prazo establecido e cumprindo todos os demais requisitos e trámites que se establezan. O incumprimento desta carga poderá ter como consecuencia a imposibilidade de proceder á modificación do contrato.

d. Do seguro

O estudante ten a obriga de subscribir, se for o caso, os seguros que lle esixan as regras do programa de mobilidade que participa, a institución de destino en que vai realizar a estadía, ou a propia UDC.

e. Da estadía

O estudante ten a obriga de tramitar o seu visado, cando sexa preciso, e/ou de realizar calquera outro trámite necesario para que a súa situación xurídica no país de acollida se adecúe ás esixencias da lexislación alí vixente

f. Da incorporación e o certificado de chegada

O estudante ten a obriga de incorporarse á institución ou entidade de destino na data que esta institución dispoña. Tamén é o seu deber o de comunicarlle a incorporación á Oficina de Relacións Internacionais da UDC, mediante o envío do certificado de chegada no prazo de 10 días desde a incorporación á entidade ou institución de destino.

g. Da localización

O estudante ten a obriga de empregar un enderezo de correo electrónico correspondente ao dominio UDC como medio indispensable de comunicación coa ORI e co/a responsable de relacións internacionais do seu centro. O estudante terá a obriga de conservar dispoñible para o seu uso o seu correo electrónico correspondente ao dominio UDC e o deber de consultalo frecuentemente para recibir todas as comunicacións da súa universidade de orixe. Igualmente, ten a obriga de deixar un enderezo e un número de teléfono dunha persoa de contacto en orixe.

h. Do cumprimento da estadía e das normas

O estudante ten a obriga de permanecer na institución ou entidade de destino durante todo o tempo preciso para desenvolver as actividades académicas ou as prácticas recollidas no seu contrato. Durante todo este tempo estará obrigado a cumprir escrupulosamente coas normas do centro ou entidade de acollida.

i. Do aproveitamento da estadía

O estudante saínte con fins de estudos ten a obriga de aproveitar o programa de estudos que cursa na universidade ou centro de educación superior estranxeiro. O aproveitamento implica que o/a estudante supere un número de créditos igual ou superior ao vinte por cento do total de créditos que cursa no centro de destino.

Se a estadía do estudante con fins de estudos ten como finalidade a realización dunha tese ou traballo de fin de titulación ou de doutoramento, e conforme ao contrato de estudos o tempo

de traballo no centro de destino non dá lugar ao recoñecemento de créditos, o aproveitamento deberá acreditarse coa presentación dun informe de avaliación da persoa encargada da tutela do estudante durante a estadía.

O estudante saínte co fin de realizar prácticas acreditará o aproveitamento da súa estadía cun informe de avaliación redactado por quen fose o seu titor na empresa ou institución de acollida.

j. Da certificación académica

O estudante ten a obriga de lle comunicar o modo en que o centro de destino fará chegar as certificacións académicas á UDC, tanto ao/á responsable de relacións internacionais do seu centro como á ORI. No caso de que o centro de destino entregue directamente aos estudantes as certificacións académicas, o propio estudante será quen teña a obriga de entregar a certificación académica orixinal na ORI.

k. Da avaliación da estadía

O estudante ten a obriga de entregar o certificado de fin de estadía no prazo máximo dun mes tras finalizar a mesma. Neste mesmo prazo deberá, no seu caso, emitir os informes relativos a estadía e cumprir coas demais obrigas establecidas na convocatoria para seren cumprimentadas no momento do seu regreso á UDC.

2. Sancións aplicables á infracción das obrigas dos estudantes de mobilidade

Salvo nos casos das cargas reguladas nas letras *a)*, *c)* e no caso da obriga regulada na letra *i)*, o incumprimento de calquera destas obrigas por causas non xustificadas poderá supor o reintegro das axudas concedidas e a perda do dereito ao recoñecemento académico, así como a exclusión en futuros procesos de selección de calquera programa de mobilidade internacional promovido pola UDC.

A presentación de documentación falsificada en substitución da expedida por calquera das universidades, centros, entidades ou organismos que participan no intercambio é constitutiva dunha falta moi grave segundo o artigo 5º do Regulamento de disciplina académica, e poderá supor a imposición das sancións disciplinarias con base no seu artigo 6º (que inclúen a inhabilitación temporal dos centros docentes e a perda dos dereitos de matrícula); así como, en caso de se apreciaren indicios de delito, a remisión do expediente ao Ministerio Fiscal.

Cando o incumprimento sexa das cargas reguladas nas letras *a)* e *c)*, a consecuencia será a imposibilidade de acceder á praza de mobilidade, o mantemento do contrato inicial ou a perda das vantaxes que se derivasen do trámite desatendido ou da documentación non presentada.

O incumprimento dos deberes relativos ao aproveitamento da estadía determinará a obriga de devolver as cantidades percibidas en concepto de bolsas e axudas para a mobilidade.

Todas as sancións a que se retire este artigo serán acordadas polo reitor por proposta da comisión de relacións internacionais, logo de tramitar un expediente contradictorio.

Capítulo II

Do procedemento de selección de estudantes de intercambio e de prácticas da UDC

Artigo 7. Requisitos xerais para o estudiantado de intercambio e de prácticas

1. Alén dos requisitos especificados en cada convocatoria de bolsas, axudas e prazas de mobilidade internacional, o estudiantado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a. No momento de realización da estadía, o estudante debe estar matriculado en estudos de grao nun curso superior a primeiro, nun mestrado ou nun programa de doutoramento, conducentes á obtención dun título oficial na UDC.
- b. No momento de presentar a solicitude o estudante ten que estar matriculado, ou cando menos ter sido admitido, na titulación na que pretenda facer a mobilidade.
- c. Contar cun nivel B 1 do Marco Común Europea de Referencia para as Linguas

(MCERL) na lingua de instrución que se vaia empregar da institución de destino. A convocatoria de mobilidade en que participe o estudante poderá modular ou eliminar esta esixencia en relación con aquelas linguas en que, pola súa proximidade coas oficiais do Estado o por outros motivos xustificadas, se estime que o/a estudante poida acadar, sen necesidade de acreditar o antedito nivel, un rendemento académico suficiente na entidade de destino.

2. Con carácter xeral, cada estudante poderá realizar en cada unha das titulacións que curse na UDC unha ou dúas estadias con fins de estudos no estranxeiro que supoñan recoñecemento académico. No caso de ser dúas, ningunha delas poderá superar os 6 meses. Ademais, cada estudante poderá realizar en cada titulación unha estadia adicional con fins de prácticas. As limitacións sinaladas non afectan á formación específica no estranxeiro incluída nos propios plans de estudos da UDC, nin a outros supostos ou programas especiais creados en virtude de convenios ou acordos bilaterais ou multilaterais con outras institucións.

Aos efectos da regra anterior, agás se dispoña o contrario na convocatoria de prazas de mobilidade en relación con algunha universidade ou centro de destino concreto, os supostos de simultaneidade de estudos de dúas titulacións ao mesmo tempo, ofertadas pola UDC, computarán como una única titulación.

O financiamento do número total de mobilidades que pode realizar un estudante durante a súa vida académica estará, en todo caso suxeita as limitacións propias dos programas de mobilidade xestionados pola UDC.

Artigo 8. Convocatorias de prazas de mobilidade e de prácticas

1. Anualmente, dentro do primeiro mes do ano natural, a vicerreitoría competente na materia publicará a convocatoria das prazas de mobilidade na súa páxina web, na páxina web da ORI e comunicarllelo ás persoas responsables de relacións internacionais dos centros.
2. A convocatoria recollerá, cando menos, as condicións das prazas ofertadas, o procedemento e os criterios de selección e as axudas económicas ofrecidas ás persoas adxudicatarias.
3. A convocatoria incluírá indefectiblemente o procedemento de reclamacións á resolución desta.
4. As convocatorias das prazas de prácticas faranse de conformidade coas regras que rexan cada un dos programas de mobilidade con este fin que xestione a UDC. Procurarase que as convocatorias que se publiquen faciliten aos estudantes o acceso a este tipo de estadias.

Artigo 9. Selección de candidatos das prazas de mobilidade

As prazas de mobilidade dispoñibles serán adxudicadas entre os estudantes admitidos ao proceso de selección por reuniren os requisitos establecidos no artigo 7.º, de conformidade con seguinte procedemento:

- a) O estudante manifestará no seu escrito de solicitude as súas preferencias entre os destinos integrados na oferta de prazas de mobilidade do seu centro. Cada centro publicará, antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes, o número de destinos que debe elixir, por orde de preferencia, cada candidato no seu escrito de solicitude.
- b) A adxudicación efectuarase asignando a cada estudante a primeira praza da súa preferencia que estea dispoñible entre as elixidas por el mesmo. O proceso de adxudicación farase estudante a estudante, seguindo unha orde de prelación determinada en función da puntuación obtida mediante a aplicación dos criterios seguintes:
 - Nota media do expediente académico calculada segundo o sistema vixente ao tempo de publicación da convocatoria.
 - Discrecionalmente, o centro de procedencia do estudante poderá asignar en concepto de 'Outros méritos' ata un 5% da puntuación total que pode obter o estudante. Entre estes méritos terase en conta necesariamente a competencia lingüística do estudante que sexa superior á esixida con carácter xeral neste regulamento e nas convocatorias de mobilidade.

- En caso de empate entre dous estudantes, adxudicarase a praza ao estudante que teña aprobados máis créditos da súa titulación.

c) A administración de cada centro elaborará unha listaxe provisional coas prazas asignadas a cada estudante que será aprobada pola comisión de relacións internacionais da escola ou facultade e publicada no taboleiro de anuncios do centro e nas páxinas web da ORI e do centro. Cada estudante disporá dun prazo de cinco días para presentar reclamacións a esta listaxe ante a devandita comisión. Atendidas as reclamacións, a comisión de relacións internacionais da escola ou facultade publicará a listaxe definitiva de adxudicatarios das prazas de mobilidade no prazo máximo de dez días hábiles desde a publicación da listaxe provisional.

d) A adxudicación definitiva de prazas estará condicionada pola aceptación do centro de destino.

Capítulo III

Do procedemento para a solicitude e concesión da modalidade de estudante de libre mobilidade

Artigo 10. Requisitos xerais para o estudantado de libre mobilidade

Os estudantes que desexen realizar una estadía internacional fóra da oferta de prazas de intercambio deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Os esixidos no art. 7 deste Regulamento para todos os estudantes de intercambio. Respecto ao que se establece no art. 7.1.c), ao estudantado de libre mobilidade se lle aplicarán os mesmos requisitos lingüísticos que os esixidos para os estudantes que participen na convocatoria de mobilidade internacional do ano no que se vai realizar a estadía.

b) A estadía deberá realizarse nun centro distinto daqueles que forman parte da oferta ordinaria para mobilidade de estudantes no centro de procedencia do estudante.

c) Os estudantes deben dispor dunha carta de admisión na institución de destino para realizar os estudos que solicita ou do correspondente resguardo de matrícula. No caso de non ter este resguardo, a carta de admisión deberá expresar que o estudante foi admitido na universidade de destino a título persoal e á marxe de calquera relación existente ou futura entre ela e a UDC. Ademais deste documento, o estudante deberá achegar unha relación das materias que vai cursar na institución estranxeira co programa completo de cada una delas para o efecto de que a persoa responsable de relacións internacionais do centro poida valorar debidamente a solicitude.

d) Contar cun documento de recoñecemento académico en que conste a conformidade do/a responsable de relacións internacionais do centro en que curse os seus estudos na UDC quen, á súa vez, deberá contar co consentimento da comisión competente para aprobar as táboas de recoñecemento académico.

Os centros poderán, se o estimaren oportuno, establecer notas informativas en que sinalen as condicións académicas de carácter obxectivo que estimen precisas para a concesión das prazas de libre mobilidade.

En todo caso, os estudantes de libre mobilidade estarán suxeitos ás restricións en canto ao número de estadías por titulación establecidas no apartado 2 do artigo 7.

Artigo 11. Solicitude e resolución

1. Os estudantes da UDC que prevexan a realización dunha estadía temporal nunha universidade doutro país como estudantes de libre mobilidade deberán presentar no Rexistro da UDC, ou en calquera dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, unha solicitude dirixida á Vicerreitoría competente en modelo normalizado. A esta solicitude deberase acompañar:

a) O documento no que conste a aceptación do estudante na institución de destino como estudante de libre mobilidade, as datas da súa estadía e as condicións ás que estea suxeita a aceptación.

b) O certificado acreditativo do nivel de idiomas esixido ao estudante.

c) O contrato de estudos celebrado entre o estudante e o responsable de relacións internacionais do seu centro.

A solicitude deberá presentarse, cando menos, cun mes de antelación á data de inicio da mobilidade.

2. A vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais da UDC ditará unha resolución no prazo máximo de quince días, contado desde a presentación da devandita solicitude, con indicación expresa dos recursos que as persoas interesadas puideren interpor contra esta e o prazo de impugnación.

Capítulo IV

Ampliación da estadía

Artigo 12. Ampliación da estadía

1. Os estudantes poderán solicitar unha autorización de ampliación de estadía durante o período lectivo do mesmo curso académico, cumprindo, no seu caso, coas condicións que estipule a convocatoria. Cando se trate de estudantes de intercambio que reciban financiamento a autorización indicará de forma expresa se concede ou non axuda económica.

2. A ampliación da estadía só se considerará por causas académicas debidamente xustificadas.

3. A solicitude de ampliación xunto coa proposta de modificación de contrato de estudos que poida implicar, presentaranse no centro correspondente e dirixiranse ao responsable de relacións internacionais do centro. O responsable autorizará, no seu caso, ao mesmo tempo, a ampliación da estadía e a modificación do contrato de estudos, de ser esta última necesaria.

4. A ampliación de estadía está condicionada, en todo caso, á aceptación do centro de destino.

5. As solicitudes de ampliación de estadía, salvo que a súa causa determinante tiver a súa orixe nun momento posterior, deberán facerse con anterioridade dun mes á finalización do período de intercambio previsto. Nos casos en que a causa se manifestase durante o último mes da estadía, a solicitude de ampliación deberá facerse nos quince días seguintes á súa aparición.

6. Unha vez recibida a resolución favorable do/a responsable de relacións internacionais do centro, a ORI confirmará, no seu caso, de forma expresa se concede ou non a axuda económica, segundo a dispoñibilidade orzamentaria.

Capítulo V

Do recoñecemento académico

Artigo 13. Procedemento para tramitar a táboa de recoñecemento académico

1. En todos os casos en que un convenio inclúa intercambio de estudantes, cada facultade ou escola afectada polo convenio deberá elaborar unha táboa de equivalencias que vele pola viabilidade académica da mobilidade. A táboa fixará con carácter imperativo os criterios que se seguirán para o recoñecemento da actividade académica desenvolvida en destino por cada estudante de intercambio no ámbito do convenio de referencia.

2. A comisión competente poderá fixar criterios xerais aplicables ao recoñecemento académico que sexan comúns a varias táboas. Estes criterios xerais incorporaranse como condicións xerais básicas a cada unha das táboas concretas ás que afecten.

3. Nos graos, a proposta de táboa de equivalencias deberá ser elaborada polo/a responsable de relacións internacionais do centro. Nos mestrados, a proposta será elaborada polo coordinador do mestrado universitario. No caso de estudos de terceiro ciclo esta tarefa correrá a cargo do/a responsable de relacións internacionais do centro, e deberá presentarse ao órgano competente para a súa aprobación xunto co visto e prace do coordinador do programa de doutoramento.

4. En todos os casos, as táboas de equivalencias deberán ser aprobadas pola xunta de centro ou polas súas comisións delegadas competentes en materia de organización e planificación académica nas titulacións implicadas.

5. Unha vez aprobada a táboa de equivalencias, publicarase na páxina web da escola ou facultade competente. Do mesmo xeito e no mesmo lugar publicaranse, cada vez que se produzan, as distintas modificacións ou actualizacións das táboas. A vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais manterá un espazo común na súa páxina web con ligazóns aos repositorios de táboas de cada un dos centros.

Artigo 14. Das materias obxecto de recoñecemento

1. Nas táboas de equivalencias poderase incluír o recoñecemento académico de todas as disciplinas, materias e módulos, así como dos traballos fin de grao, traballos fin de mestrado, das prácticas curriculares e dos estudos que compoñen a fase de formación do doutoramento, dentro dos plans de estudos da UDC, sen excepción e con independencia da súa natureza.

2. Cando en relación cunha mobilidade non exista táboa de equivalencias, ben por atoparse esta en tramitación, ben por tratarse dunha petición de libre mobilidade, os criterios de recoñecemento faranse constar directamente no contrato de estudos, co fin de velar pola viabilidade académica da mobilidade e de conformidade, no seu caso, cos criterios sentados polo centro.

3. A correspondencia que se especificará nas táboas de equivalencia e nos contratos de estudos poderá ser fixada por curso completo, semestre completo, módulos, materias ou disciplinas.

4. Para os efectos de recoñecemento o criterio decisivo será a adquisición polo estudante, como consecuencia da súa actividade académica no estranxeiro, dunhas competencias análogas ás que adquirirá na UDC de permanecer nela durante a súa estadía. Non será preciso para o recoñecemento un determinado nivel de equivalencia dos contidos. Tampouco esixirase a identidade de carga lectiva, pero deberá procurarse que o estudante, en conxunto e dentro das posibilidades que existan en relación con cada estadía, teña que realizar un esforzo equiparable ao que se lle tería esixido na UDC para adquirir as competencias análogas, de permanecer nela en vez de facer a mobilidade.

5. No caso dos estudantes de prácticas, o recoñecemento será decidido directamente polo/a responsable de relacións internacionais do centro, que proporcionará a estes estudantes o máximo recoñecemento posible, ben incluíndoo, de ser posible, no expediente académico do estudante, ben como mínimo no suplemento europeo ao título. No caso dos mestrados ou dos doutoramentos, o/a responsable de relacións internacionais consultará co seu coordinador a idoneidade das prácticas para o seu recoñecemento.

Artigo 15. Contrato de estudos e contrato de prácticas

1. O estudantado da UDC deberá formalizar con carácter previo á estadía, e tras a oportuna orientación académica por parte do/a responsable de relacións internacionais do centro ou, no seu caso, do titor académico de intercambio, un contrato de estudos ou un contrato de prácticas no modelo normalizado e debidamente cuberto en todos os seus campos. Este contrato terá carácter vinculante e será asinado pola persoa interesada e polo/a responsable de relacións internacionais do centro. No caso dos mestrados e dos programas de doutoramento, o responsable deberá contar coa anuencia do coordinador académico datitulación.

2. O contrato de estudos ou de prácticas fixará a actividade que se compromete a realizar o estudante no centro ou entidade de destino. Así mesmo, o contrato determinará as condicións polas que se rexerá o recoñecemento académico da súa actividade. Tales condicións serán as sinaladas na táboa de equivalencias aplicable, cando exista unha en vigor.

3. No contrato, ademais das actividades e os créditos que se van realizar no centro de destino e que se poden recoñecer á volta, deberán incluírse todas as condicións especiais a que estiver suxeito o recoñecemento. As condicións especiais do recoñecemento non poderán, en ningún caso, supoñer desigualdade ou discriminación entre os estudantes que realizan estadías de mobilidade e os que permanecen na UDC.

4. As materias incluídas no contrato de estudos, destinadas a ser obxecto de recoñecemento só poderán ser avaliadas na universidade de destino durante o ano académico en que se realice a estadía no estranxeiro.

5. O estudante poderá realizar na institución ou entidade de destino actividades ou cursar

créditos sen recoñecemento académico. No contrato de estudos deberán incluírse estas actividades coa indicación de que carecen de recoñecemento académico, cos efectos previstos no artigo 17 número 3.

6. Unha vez asinado o contrato de estudos, o estudante achegará unha copia á ORI antes da data límite de aceptación que marca o centro de destino; así mesmo o solicitante deberá entregar outra copia na administración do seu centro. A ORI porá a disposición de todas as persoas interesadas as anteditas datas só a título informativo e sempre que dispoña desta información. Será responsabilidade do/a estudante confirmar en cada caso a data límite de formalidade de solicitude coa institución de destino. Unha vez asinado o contrato polo coordinador institucional do programa de intercambio, a ORI achegará unha copia ao estudante para que este poida levalo ao centro para os efectos de formalizar a súa matrícula na UDC.

7. O número de créditos que se faga constar como susceptible de validación non pode ser maior que o número máximo de créditos dos que se poida matricular o estudante na UDC, durante o mesmo período, de acordo coa normativa de ordenación académica. Se a normativa académica non establece un número máximo de créditos por semestre, entenderase que este é a metade do número máximo de créditos por curso.

8. Para seren obxecto de recoñecemento académico os cursos de idiomas terán que constar no contrato de estudos. Estes cursos serán, de ser posible, obxecto de recoñecemento académico nos termos establecidos no contrato de estudos coma calquera outra materia. Cando no contrato de estudos figure que os cursos de idiomas que vai realizar o estudante carecen de recoñecemento académico, o estudante poderá obter por eles o previsto na normativa da UDC sobre recoñecemento por actividades nos graos. Neste caso, para que teña lugar o recoñecemento, o estudante deberá seguir o procedemento establecido na antedita normativa.

Artigo 16. Modificación do contrato de estudos

1. O contrato de estudos poderá ser modificado por petición do estudante, tras a autorización do/a responsable de relacións internacionais do centro, por non coincidir coa oferta académica inicialmente prevista ou por inadecuación na elección inicial nos prazos seguintes:

- Un mes desde o inicio oficial do curso académico no centro de destino de se tratar de materias anuais ou de primeiro semestre na universidade de destino
- No primeiro mes desde o comezo do segundo semestre de se tratar de materias anuais ou do segundo semestre na universidade de destino.
- Os devanditos prazos poderanse prorrogar, logo de solicitalo, por circunstancias excepcionais.

2. O estudante dirixirá a solicitude de modificación directamente ao responsable de relacións internacionais do centro.

3. No caso de que considere procedente autorizar os cambios, o responsable de relacións internacionais do centro remitiralle o documento co contrato modificado á administración do centro para que, no seu caso, esta faga a xestión de cambio de matrícula. Unha vez comprobada a viabilidade do cambio de matrícula e efectuado o mesmo, a administración do centro remitirá a ORI o documento de modificación do contrato con todas as materias que o/a estudante cursará de modo definitivo no centro de destino e as súas equivalencias na UDC. A ORI informará ao estudante e a institución de destino que a modificación se ten producido.

Artigo 17. Aplicación do recoñecemento académico

1. O recoñecemento académico respectará todas as cualificacións obtidas na institución de destino, consignando a nota equivalente no sistema de cualificacións da UDC no expediente do estudante. A UDC poderá publicar por resolución da vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais as táboas e os criterios de equivalencia nas cualificacións, con carácter orientador ou obrigatorio.

2. No caso de que unha materia dun plan de estudos da UDC corresponda a varias materias do plan de estudos do centro de destino, a cualificación da materia da UDC será o resultado da

suma dos créditos obtidos polo alumno multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan e dividida entre o número de créditos totais obtidos polo alumno.

3. A superación de créditos, materias ou a realización satisfactoria doutras actividades académicas, créditos ou prácticas que consten no contrato como actividades sen recoñecemento académico non lle concederá ao/á estudante ningún dereito para os efectos de recoñecemento académico no curso académico de que se trate nin noutros posteriores. A falta de recoñecemento manterase aínda que nalgún momento se modifique a táboa de equivalencias para incluír o recoñecemento académico dalgunha desas actividades. As devanditas materias poderán constar no suplemento europea ao título, sempre que así o permita a normativa vixente.

Artigo 18. Procedemento de aplicación do recoñecemento académico

1. Unha vez realizada a estadía, no caso de que a universidade de destino non envíe directamente á ORI as certificacións académicas, o estudante será o encargado de achegar directamente á ORI o certificado académico oficial en que consten todas as materias cursadas e as cualificacións obtidas. De non facelo, o estudante poderá perder o dereito ao recoñecemento académico das súas cualificacións.

2. Tras o pertinente rexistro da recepción do documento, a ORI entregará o certificado orixinal de cualificacións ao/á responsable de relacións internacionais do centro quen cubrirá o impreso normalizado de recoñecemento de créditos coas cualificacións equivalentes e presentaráo na Administración do centro xunto co certificado orixinal de cualificacións.

3. Logo de recibir a documentación na administración do centro, os créditos recoñecidos coas cualificacións correspondentes incorporaranse ao expediente académico do estudante.

4. O procedemento para a reclamación das equivalencias das cualificacións farase ante o/a responsable de relacións internacionais do centro e, de non se lograr o acordo, a reclamación remitiráselle á comisión académica do centro.

TÍTULO III

DOS ESTUDANTES ACOLLIDOS NA UDC

Capítulo I

Modalidades, dereitos e obrigas

Artigo 19. Modalidades de estudantes acollidos na UDC

Para os efectos da UDC, os estudantes acollidos encontraranse nalgunha destas situacións:

a. Son estudantes de intercambio aqueles que realicen unha estadía académica temporal na UDC para faceren estudos relacionados coa titulación que cursen na universidade de orixe e sexan adxudicatarios/as dunha praza de mobilidade concedida no marco dos programas, acordos ou convenios de intercambio subscritos pola universidade de orixe coa UDC. Chamaranse estudantes de intercambio na UDC.

b. Son estudantes visitantes aqueles que realicen unha estadía académica temporal na UDC e non sexan adxudicatarios/as dunha praza de intercambio concedida pola súa universidade de orixe no marco de programas, acordos ou convenios subscritos coa UDC.

c. Son estudantes de prácticas aqueles que realicen unha estadía temporal nalgún dos servizos, centros, departamentos ou organismos da UDC coa finalidade de desenvolveren un período de prácticas profesionais no seu seo, durante o tempo en que cursan unha titulación na súa institución de orixe.

Artigo 20. Dereitos e obrigas dos estudantes acollidos

Fronte á UDC, os estudantes acollidos terán, con carácter xeral, os mesmos dereitos e obrigas que os demais estudantes da UDC, incluída a cobertura dos seguros que a universidade proporciona a todos os seus estudantes.

Artigo 21. Competencia lingüística

1. Con carácter xeral, para cursar satisfactoriamente estudos na UDC recoméndase un nivel B1 do MCERL en lingua castelá ou galega.
2. O devandito nivel será obrigatorio para realizar unha estadía como estudante de prácticas en todos aqueles servizos, departamentos, centros ou organismos da UDC nos que o estudante desenvolva unha actividade de cara ao público.
3. As normas especiais reguladoras dalgún programa ou acción da UDC que inclúa a participación de estudantes de acollida, poderán esixir a acreditación dun determinado nivel do dominio do idioma de impartición, de considerarse preciso para o seu bo funcionamento.

Capítulo II

Da admisión dos estudantes de intercambio

Artigo 22. Requisitos

Poderán realizar estadías académicas temporais na UDC para completar os seus estudos os/as estudantes procedentes de institucións doutros países que contén cun convenio coa UDC e que fosen designados para os efectos pola súa universidade ou institución de orixe.

Artigo 23. Procedemento

1. No prazo e na forma establecidos no programa ou convenio internacional correspondente, as universidades de procedencia dos/das estudantes deberanlle remitir á Oficina de Relacións Internacionais da UDC as relacións de estudantes que fosen seleccionados para participaren no programa de mobilidade que corresponda.
2. A ORI será o organismo encargado de tramitar o procedemento de aceptación dos/das estudantes, de conformidade coas regras establecidas en cada programa.

Capítulo III

Da admisión dos estudantes visitantes

Artigo 24. Requisitos

Poderán realizar estadías académicas temporais na UDC, para cursar parte dos seus estudos ou realizar actividades de investigación predoutoral, como estudantes visitantes, aqueles estudantes universitarios procedentes de institucións doutros países que vaian realizar unha estadía con fins de estudos, á marxe dos convenios internacionais de intercambio de estudantes subscritos pola UDC.

Artigo 25. Procedemento para a admisión de visitantes sen convenio ou programa específico

1. Os estudantes procedentes doutras universidades que desexen realizar unha estadía temporal na UDC como estudantes visitantes, e que non o fagan no marco dun convenio ou programa internacional do que sexa parte a UDC, deberán solicitar a súa admisión mediante unha instancia normalizada debidamente cuberta.
2. A solicitude acompañarase da seguinte documentación:
 - a. Copia do seu expediente académico ou da titulación universitaria de que dispoña.
 - b. No caso dos estudantes visitantes de grao e mestrado, unha relación das materias cursadas na universidade de procedencia coa indicación das cualificacións correspondentes, e unha proposta co plan de estudos que se pretende cursar na UDC. Con carácter xeral, a estes estudantes seranlles aplicables os mesmos límites, en termos de créditos ECTS por estadía semestral/anual, que se impoñen aos estudantes ordinarios de continuación a tempo completo nas normas de ordenación académica da UDC. Se a normativa académica non establece un

límite máximo para as estadias semestrais, entenderase que ese límite é a metade do máximo establecido por curso.

c. No caso dos estudantes visitantes de doutoramento, a acreditación de atoparse realizando estudos de doutoramento na universidade de orixe, e un escrito en que un profesor da UDC con dedicación a tempo completo se comprometa a dirixir as tarefas de investigación de doutoramento do estudante durante a súa estadia.

d. Copia do pasaporte do estudante, ou da súa carta nacional de identidade no caso dos cidadáns da UE e do EEE.

3. Unha vez presentada a solicitude, os estudantes visitantes serán admitidos pola ORI tras comprobar da idoneidade do candidato e a existencia de prazas dispoñibles nas titulacións afectadas polo plan de estudos proposto.

4. O estudiantado visitante deberá abonar as tarifas aprobadas ao efecto, agás que se estableza o contrario na resolución mencionada no número anterior.

Artigo 26. Procedemento para a admisión de visitantes no marco de convenios ou programas en que participe a UDC

1. No prazo e na forma establecidos no programa ou convenio internacional correspondente, a universidade ou entidade competente para a selección dos estudantes deberalle remitir á Oficina de Relacións Internacionais da UDC as relacións de persoas candidatas elixidas para participaren no programa de mobilidade que corresponda.

2. A aceptación dos/das estudantes farase de conformidade coas regras establecidas en cada programa ou convenio.

Capítulo IV

Da admisión dos estudantes de prácticas

Artigo 27. Requisitos

Os/as estudantes procedentes de institucións doutros países que sexan aceptados como tales por un servizo, centro, departamento ou organismo da UDC, e asinen o correspondente contrato de prácticas, poderán realizar estadias académicas temporais na UDC coa finalidade de desenvolveren un período de prácticas.

Artigo 28. Procedemento

1. O/a estudante deberá remitir unha solicitude á ORI, ou ben directamente ao centro, servizo, departamento ou organismo da UDC en que desexe facer as prácticas, coa seguinte documentación:

- a) Copia do seu expediente académico
- b) *Currículum vitae*
- c) Certificación do nivel de coñecemento do idioma español e/ou galego
- d) Copia do pasaporte do estudante, ou da súa carta nacional de identidade no caso dos cidadáns da UE e do EEE
- e) Proposta do plan de traballo que pretende desenvolver na UDC

2. No caso de que a solicitude se presente na ORI, esta enviaralla xunto coa documentación que a acompañe, ao centro, servizo, departamentos ou organismo a que se refira o plan de traballo do estudante.

3. Se o centro, servizo, departamento ou organismo da UDC admite o/a estudante, comunicarllo á ORI, xunto co plan de traballo que se vai desenvolver durante o período de prácticas que se aprobara. Con estes datos redactarase o contrato de prácticas que se asinará polo/a responsable do centro, servizo, departamento ou organismo da UDC en que se vaian desenvolver

as prácticas, polo estudante e pola universidade de orixe do/a estudante.

Capítulo V

Réxime das estadías dos estudantes acollidos na UDC

Artigo 29. Condicións académicas

1. Con carácter xeral, o estudiantado acollido poderá cursar na UDC créditos correspondentes a todas as materias que se ofrecen nas ensinanzas oficiais de grao e mestrado, incluídos os *practicum* das titulacións, os traballos de fin de grao ou de fin de mestrado, así como realizar estudos de doutoramento.
2. Non obstante, os centros poderán solicitar, en casos xustificados por razóns docentes e de forma motivada, unha autorización para limitar a admisión en determinadas materias ou cursos. A solicitude terá que se presentar no momento en que se estableza a proposta de estrutura de grupos no Plan de organización docente do curso correspondente. A solicitude será resolta pola Vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais en coordinación coa vicerreitoría competente en materia de ordenación académica. Caso de autorizarse un límite de prazas, os centros, departamentos e mestrados propoñerán os criterios para a adxudicación das prazas ofertadas, que serán autorizados pola vicerreitoría competente en materia de ordenación académica e deberán facerse públicos para todas as persoas interesadas coa antelación suficiente.
3. En ningún caso os centros poderán negarse a admitir nunha titulación un número de estudantes menor ao total de prazas de intercambio que a UDC se comprometera a admitir para ese mesmo centro, de conformidade cos convenios internacionais vixentes, subscritos a instancia ou co consentimento dos representantes do centro.
4. O centro correspondente arbitrará as medidas necesarias para asegurar a orientación, a supervisión e o seguimento do estudiantado acollido a eles adscritos.

Artigo 30. Matrícula

1. Con carácter xeral, os estudantes de acollida estarán suxeitos aos mesmos límites, en termos de créditos ECTS por estadía semestral/anual, que lles sexan de aplicación aos estudantes ordinarios de continuación, a tempo completo, nas normas de ordenación académica da UDC. Se a normativa académica non establece un límite máximo para as estadías semestrais, entenderase que ese límite é a metade do máximo establecido por curso.
2. Para os efectos administrativos, o estudiantado de intercambio con fins de estudo e os estudantes visitantes de grao ou mestrado adscribiranse a unha titulación de grao ou mestrado da UDC. A adscripción determinarase segundo a rama de estudos relacionada coas ensinanzas que se especifique no programa de mobilidade internacional acordado coa universidade de orixe ou no documento de aceptación do estudante visitante.
3. Os estudantes acollidos co fin de realizaren prácticas quedarán adscritos funcionalmente ao servizo, instituto, centro, departamento ou grupo de investigación da UDC onde vaian desenvolver a súa actividade. Estes estudantes estarán suxeitos á titorización dunha persoa idónea, que será designada, no caso dos estudantes de prácticas, polo/a responsable do servizo, instituto, centro, departamento, ou grupo de investigación.
4. Os estudantes visitantes de doutoramento quedarán adscritos funcionalmente ao departamento ou grupo de investigación da UDC en que vaian desenvolver a súa actividade, e estarán suxeitos á titorización do profesor que subscriba o compromiso a que se refire o artigo 25.2.c) deste regulamento

Artigo 31. Certificados académicos

1. Ao finalizar a estadía do estudante de intercambio con fins de estudo e a do estudante visitante de grao ou mestrado, e unha vez dispoñibles e validadas as cualificacións correspondentes, a ORI expedirá o certificado oficial en castelán/galego e inglés que incluírá, ademais dos datos persoais do estudante, o marco e nome do programa de mobilidade en que cursou os estudos, as materias

inscritas e as cualificacións obtidas de conformidade co sistema vixente na UDC.

2. A ORI entregaralle o certificado académico ao estudante no prazo máximo dun mes a partir da fin do prazo de entrega das actas e das cualificacións correspondentes. No caso de que o estudante xa regresase ao seu país de procedencia no momento en que estea dispoñible o certificado académico, este remitirase directamente á universidade de destino. Procederase do mesmo xeito cando a propia universidade de orixe solicite que se lle envíe a ela directamente o certificado académico.

3. Os estudantes visitantes de doutoramento, unha vez presentado o informe de final de estadía por parte da persoa responsable da súa titorización, obterán un certificado académico oficial da UDC que incluírá, polo menos, brevemente a descrición da súa actividade e a valoración do titor responsable.

4. Os estudantes con fins de prácticas, unha vez que remate a súa actividade no servizo, instituto, centro, departamento, ou grupo de investigación a que fosen adscritos, terán dereito a obter do seu responsable un informe completo de carácter oficial en que se describirá a actividade realizada e a valoración que mereceu o desempeño do estudante.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Facúltase á vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais para ditar as instrucións necesarias de interpretación do presente regulamento, así como para proceder ao seu desenvolvemento mediante as disposicións, resolucións e instrucións que foren necesarias para a súa adecuada implementación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Ata a completa implantación dos títulos de grao e mestrado adaptados ao espazo europeo de educación superior, todas as referencias contidas no presente regulamento ou nos contratos de estudos e prácticas a sistemas de créditos anteriores ao ECTS, faranse equivaler ao sistema do ECTS considerando que 60 créditos ECTS se corresponden coa carga habitual nun curso académico da ordenación académica anterior. Do mesmo xeito, todas as referencias aos graos entenderase que tamén abranguen as titulacións non adaptadas ao EEES.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Só o estudantado saínte que se atope cursando unha titulación non adaptada ao EEES, e que non superase en xuño, na universidade de destino o total das materias obxecto de validación, poderá examinarse na UDC na convocatoria extraordinaria de setembro. Neste caso, o/a estudante deberá presentar unha solicitude na ORI e xustificar con certificación oficial os seus suspensos e non presentados. Ademais deberá notificar por escrito a súa vontade á administración do seu centro na UDC co fin de ser incluído nas actas correspondentes.

Se o estudante non realizou ambos os trámites antes do 20 de agosto, perderá o seu dereito a examinarse na convocatoria de setembro, aínda que a imposibilidade de facelo teña a súa orixe en causas alleas ao seu comportamento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

As disposicións do presente regulamento non se aplicarán á mobilidade de estudantes das convocatorias correspondentes ao curso 2012/13.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA

Naqueles centros en que o actual coordinador de relacións internacionais non sexa un membro do equipo de dirección do centro, a disposición contida no primeiro parágrafo do artigo 2º, número 4, primeiro parágrafo do presente regulamento en relación coa figura do responsable de relacións internacionais do centro, non se aplicará ata a constitución dun novo equipo de dirección no centro, como consecuencia de teren lugar as seguintes eleccións a directores de centros.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da UDC.